Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Coxo de araña

Coxillo. Erupción granular cutánea que sae en calquera parte do corpo por estar en contacto con insectos ou con outros bechos. A araña, a salamántica, a toupa, o sapo e a cobra, entre outros animais, poden causar coxo. Para curalo é bo o cuspe de certas persoas que saben bendicir o coxo, as que para ter ese poder deben matar tres toupas redondas, cada unha con tres puñadas. Contra o coxo é moi bo tamén o corno bendicido de Licornio, ou Alicornio, pasándoo pola parte dorida facendo cruces e sacudindo.

En Cualedro (Ourense) unha moza tivo coxo no pescozo causado por unha araña. Víaselle mesmo a araña retratada, pintada na pel. Só lle cuspiu na ferida un día a señora Rosa e curou, aínda que deberían de ser tres os días de tratamento de cuspe da señora Rosa.

BIBLIOGRAFÍA

RISCO, V., «Miscelánea folklórica», en Cuadernos de Estudios Gallegos, II, Santiago de Compostela, 1946-47.